

Recomendación dirixida ao Concello de Touro debido a relativo á falta de contidos no portal de transparencia

Expediente: G.6.Q/72/20

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2020

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia dun escrito relativo á falta de contidos no portal de transparencia do Concello de Touro.

ANTECEDENTES

1. A queixa indica que no portal de transparencia do concello non constan datos referidos ao inventario de bens municipais, e tampouco ás declaracións de incompatibilidades e actividades económicas nin de bens patrimoniais e de participación en sociedades dos concelleiros, saíntes e entrantes.

2. Ante iso requirimos información ao Concello de Touro, que nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

“Tense recibido neste Concello escrito con referencia expediente G.6.Q/72/20, no que se da traslado da queixa formulada por ██████████, na que se pon de manifesto que non constan no portal da transparencia os datos relativos os bens inmobles referidos o inventario de bens e os relativos a causas de incompatibilidade e actividades económicas, así como os referidos a bens patrimoniais e de participación en sociedades dos concelleiros.

O Concello de Touro ten unha grave carencia de medios materiais, técnicos e de persoal para facer fronte a todas as esixencias que se formulan dende as distintas administracións e tamén dende a propia normativa de aplicación.

No caso do portal da transparencia, que ven de ser administrado dende a Deputación Provincial de a Coruña, e relativo a queixa formulada por ... que a data de hoxe xa se ten incorporado o portal as declaración de incompatibilidade dos concelleiros. Esta incorporación tense feito escanando as declaración que se formulan en papel, e omitindo o D.N.I.. Esta problemática tamén se repite en relación coa declaración de bens, na que o formularse en papel, existen datos que en ningún caso poder ser trasladados o portal pois, por exemplo, existen nº de contas bancarias que non poden ser publicadas. Este cuestión suscita o problema, da depuración dos datos, pero que o non estar en formato electrónico, deberá ser un órgano municipal que decida que datos se quitan e como, pois xa non parece de recibo utilizar outra vez un borrado de

datos no papel, posto que sería alterar unha declaración que pertence a esfera de decisión do declarante. A cuestión non está resolta posto que non existe neste concello un regulamento que determine como se debería regular, de forma escueta, unha declaración a que poderán ter acceso os veciños en xeral.

Tendo en conta que na declaración de incompatibilidades xa figuran os datos que reclama..., a incorporación dos relativos os bens deberá demorarse ata que se resolva a maneira adecuada como tratar os datos que figuran nas mencionadas declaracións.

Con respecto os bens inmobles do inventario, os mesmos estanse en trámite de incorporar a plataforma do portal, aínda que o inventario existente está obsoleto, e non se ten renovado dende o ano 2.008. A eses efectos tense solicitado axuda da Deputación provincial, para que a través do servizo de asistencia a municipios se poida proceder a realización dun novo inventario xa en formato electrónico. Tense coñecemento de que se está programar una liña de asistencia a concellos de menos de 10.000 habitantes (nos que se repite de forma maioritaria o problema) para realizar e actualizar os inventarios de bens”.

ANÁLISE

1. Confírmase que o ente local non incluía na súa web os contidos que eran obxecto da queixa, en concreto o inventario de bens inmobles, as declaracións de incompatibilidades e actividades económicas, e as declaracións de bens patrimoniais e de participación en sociedades dos concelleiros.
2. O concello informa que agora incorporou ao portal as declaracións de incompatibilidades dos concelleiros, e o fixo coa propia declaración dos afectados, pero disociando o DNI.
3. No relativo aos outros dous aspectos da queixa, o concello sinala que non pode colgar as declaracións de bens porque está á espera de facer as disociacións precisas, e para iso considera necesaria unha previa regulación da forma de facelo. E no relativo ao inventario de bens inmobles, non o ten actualizado, sendo o que consta de 2008, aínda que está a espera da cooperación da Deputación Provincial para poder actualizalo.
4. En relación co anterior é de sinalar que o art. 8.1.h) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece que “os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título (entre eles os concellos) deberán facer pública, como mínimo, a información relativa aos actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria que se indican a continuación: ...h) As declaracións anuais de bens e actividades dos representantes locais, nos termos previstos na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Cando o regulamento non fixe os termos en que deben facerse públicas estas declaracións se aplicará o disposto na normativa de conflitos de intereses no ámbito da Administración

Xeral do Estado. En todo caso, se omitirán os datos relativos á localización concreta dos bens inmobles e se garantirá a privacidade e seguridade dos seus titulares”.

Por tanto, é obriga legal do concello facer pública a información a que nos referimos, sen que para o actual retraso sexa unha escusa aceptable que é precisa a disociación dos documentos e unha regulación municipal de como facela. Como proba diso temos que no anterior caso (incompatibilidades) a disociación se fixo sen precisar unha regulación ao efecto. Tampouco é precisa neste caso, como tampouco o é no resto dos contidos da publicidade de oficio ou activa, que se fai dissociando a información afectada polos límites legais da transparencia, nomeadamente os relativos á protección de datos persoais.

5. No relativo ao inventario de bens inmobles o concello unicamente sinala que non está actualizado. Porén, iso non impide publicalo, aínda que coa mención informativa desa circunstancia e da vontade de emendala o máis axiña posible.

A lei de patrimonio das AA. PP. establece a obriga de inventariar os bens e dereitos que integran o patrimonio (municipal), facendo constar, co suficiente detalle as mencións necesarias para a súa identificación e as que resulten precisas para reflexar a súa situación xurídica e o destino ou uso a que están sendo adicados. E o Regulamento de Bens das CC. LL. sinala que estas están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición.

Non todo o inventario municipal se atopa suxeito a obriga de publicidade activa. Esta refírese á relación dos bens inmobles que sexan de propiedade municipal ou sobre os que ostente algún dereito real, segundo o establecido no artigo 8.3 do texto legal citado.

O concello ten pendente a actualización da citada obriga, segundo sinala. Pero para a publicación no portal de transparencia (na web municipal) do sinalado non deben existir moitas dificultades, posto que o contido é limitado, máis no caso dun concello de reducidas dimensións, como é o caso.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello de Touro a seguinte recomendación:

Que con urxencia proceda a publicar no seu portal de transparencia a información aínda pendente e que é obxecto da presente queixa, posto que resulta unha obriga legal derivada da normativa de transparencia.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución



da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo